

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a forma correcta de pór en galego a frase: "El reportaje sobre el viaje de Ana a las Islas Cíes ha quedado muy bien"

- A) O reportaxe sobre o viaxe de Ana as Islas Cíes quedou moi ben.
- B) A reportaxe sobre o viaxe de Ana as Islas Cíes quedou moi ben.
- C) A reportaxe sobre a viaxe de Ana ás Illas Cíes quedou moi ben.
- D) O reportaxe sobre a viaxe de Ana ás Illas Cíes quedou moi ben.

2. Indique o plural correcto en galego:

- A) Azuis.
- B) Ollomois.
- C) Avaes.
- D) Controles.

3. Sinale a opción correcta:

- A) Estes rapaces están comigo.
- B) Estos rapaces están conmigo.
- C) Istos rapaces están comigo.
- D) Estes rapaces están conmigo.

4. Indique cal das seguintes palabras pertence ao xénero masculino:

- A) Síndrome.
- B) Plumaxe.
- C) Labor.
- D) Paréntese.

5. Indique a opción correcta en galego:

- A) Metamorfose.
- B) Esclerose.
- C) Neurose.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

6. Indique a palabra correcta en galego:

- A) Hóspede.
- B) Lique.
- C) Xénesi.
- D) As opcións A) e B) son correctas.

7. Indique o feminino INCORRECTO en galego:

- A) Anciá.
- B) Temperá.
- C) Folgazá.
- D) Irmá.

8. Sinale a forma correcta de pór en galego a frase: "El objetivo es ayudar a la juventud"

- A) O obxectivo é axudar á xuventude.
- B) O obxectivo é axudar a xuventude.
- C) O obxectivo e axudar a xuventude.
- D) O obxectivo é axudar á xuventud.

9. Sinale a forma correcta de pór en galego a frase: "Ellos sugieren que se incluya una corrección de errores en el diario"

- A) Eles suxieren que se inclúa unha corrección de errores no diario.
- B) Eles suxeren que se inclúa unha corrección de erros no diario.
- C) Eles suxeren que se inclúa unha corrección de erros no diario.
- D) Eles suxiren que se inclúa unha corrección de erros no diario.

10. Indique a serie de formas verbais correcta:

- A) Soupen, soupeches, soupo, soupemos, soupestes, souperon.
- B) Fun, fuches, foi, fomos, fostes, foron.
- C) Vin, viches, veu, vimos, vistas, viron.
- D) Quisen, quiseches, quixo, quisemos, quixéstedes, quixeron.

Preguntas de reserva

1. Segundo o diccionario da Real Academia Galega, a parte superior e lateral do tronco, onde comeza o brazo, denomínase:

- A) Ombreiro.
- B) Ombro.
- C) Hombro.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

2. Indique o ordinal correcto:

- A) Séptimo.
- B) Octaxésimo.
- C) Septuaxésimo.
- D) Visésimo.